



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|---|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2017/18 |
| Asignatura (*) | Lingua Inglesa 4 | Código | 613G01019 | |
| Titulación | Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Segundo | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | Inglés | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Letras | | | |
| Coordinación | Nuñez Puente, Carolina | Correo electrónico | c.nunez@udc.es | |
| Profesorado | Boyce , Michael Anthony Martingano Prieto, Lucas Andrés Nuñez Puente, Carolina | Correo electrónico | michael.boyce@udc.es lucas.martingano@udc.es c.nunez@udc.es | |
| Web | www.udc.es | | | |
| Descrición xeral | Esta materia amplía a formación básica na descrición da lingua inglesa e a teoría e práctica do inglés. O obxectivo xeral é chegar ao nivel C1 de CEF. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A1 | Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria. |
| A2 | Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual. |
| A4 | Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega. |
| A5 | Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española. |
| A6 | Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua inglesa. |
| A8 | Ter dominio instrumental oral e escrito dunha segunda lingua estranxeira. |
| A9 | Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa. |
| A10 | Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións. |
| A11 | Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada. |
| A12 | Coñecer os principios teóricos básicos da tradución directa e inversa e ser capaz de poñelos en práctica. |
| A15 | Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica. |
| A21 | Coñecer a variación lingüística da lingua española. |
| A22 | Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua española. |
| A23 | Ter coñecementos de terminoloxía e neoloxía. |
| B1 | Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información. |
| B3 | Adquirir capacidade de autoformación. |
| B4 | Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno. |
| B5 | Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas. |
| B6 | Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva. |
| B7 | Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico. |
| B8 | Apreciar a diversidade. |
| B9 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |
| B10 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/a e profesional. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C2 | Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro. |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |



| | |
|----|--|
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C5 | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|--------------------------------------|---|----------------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Competencia lectora: comprender unha variedade de textos auténticos procedentes da prensa, obras de ficción, documentos, materiais de promoción ou de publicidade. | A1 A2 A6 A8 A11 A15 | B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 | C2 C3 C4 C5 C6 C7 |
| Escritura: saber redactar un artigo, un ensaio, textos informativos, propostas, queixas, informes e recensións. | A4 A6 A9 A10 A11 A12 | B1 B5 B6 B10 | C1 C2 C3 C7 C8 |
| Comprensión auditiva: comprender distintos tipos de discurso auténtico; monólogos, avisos, programas de radio e televisión, relatorios, anécdotas, interaccións entre varios falantes á vez, entrevistas, debates | A2 A6 A10 A11 | B8 B9 B10 | C2 C3 C5 C7 |
| Competencias orais: saber desenvolverse oralmente con falantes nativos e non nativos; proporcionar información, expresar e xustificar opinións, realizar comentarios axeitados, expresar acordo e desacordo, comparar, describir e especular. En resumo, os alumnos deben ser capaces de levar a cabo a comunicación eficaz, e de responder plenamente aos estímulos orais. | A5 A6 A15 A21 A22 A23 | B4 B5 B6 B8 B10 | C2 C4 C5 C7 C8 |
| Lingua e uso: posuír un vocabulario xeral amplo; coñecer frases e colocacións comúns, matices, verbos con partícula, modos de enlazar oracións; realizar transformacións gramaticais con soltura | A6 A8 A22 A23 | B4 B5 B7 B8 B10 | C2 C4 C5 C6 C7 C8 |

| Contidos | |
|---|--|
| Temas | Subtemas |
| -ESCRIBIR: Como escribir tanto un ensaio argumentativo coma un ensaio de investigación en estilo MLA | Que é o estilo de escritura MLA? Estilo e rexistro; linguaxe formal e informal; connotación e denotación; post-estruturalismo e oposición binaria; puntuación; parágrafo; conectores; o ensaio (e.g. o argumentativo e o de investigación); título; introdución; (hipó)tesis vs. tema; corpo; conclusión; fontes de información (web e imprimidas); lista de obras citadas; as citas no corpo do texto; plaxio; notas ao pé e ao final |



| | |
|---|--|
| -LER: Como facer exercicios de comprensión lectora | Que é o pensamento crítico? Diferentes niveis de comprensión dun texto; gramática; vocabulario; estrutura; figuras retóricas; historia e trama; temas; caracterización; inferencia; dedución; análise; alcance e repercusión; significado e interpretación; conclusións; etc. |
| -FALAR: Como falar en público; como facer unha presentación oral; como participar nun debate; como comportarse nunha entrevista de traballo | Tipos de discursos; consellos para loitar contra o medo escénico; uso de pausas, entoación e ritmo na oralidade; linguaxe corporal; cohesión e coherencia; convencer e persuadir; etc. Contidos léxicos: ampliación do vocabulario, con especial atención a xiros e frases feitas. Temas: diversidade cultural; dereitos humanos; medioambiente; artes plásticas e escénicas; cinema, música e literatura; deporte e saúde. |
| -GRAMÁTICA: Repaso e consolidación de estruturas gramaticais importantes. | Contidos gramaticais: 1. Repaso e consolidación das distintas categorías: verbos (modal verbs, multi-word verbs, etc.); substantivos, pronomes, artigos e determinantes; adxectivos e adverbios; preposicións e conxuncións. 2. Estruturas gramaticais: voz pasiva; estilo indirecto; oracións condicionais; estruturas de relativo; subordinadas adverbiais; etc. |
| -ESCOITAR: Gravacións audiovisuais en torno á gramática e as entrevistas de traballo | Os exercicios auditivos estarán relacionados coa gramática vista en clase. Os/ás estudantes tamén traballaredes con entrevistas de traballo e practicaredes para a proba audio-oral. |

| Planificación | | | | |
|-------------------------|---|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | A4 A5 A6 A10 A11 A15 A21 A22 A23 B1 C7 C8 | 25 | 25 | 50 |
| Seminario | A8 A12 B4 B7 | 12 | 5 | 17 |
| Traballos tutelados | A9 B6 B9 C2 C3 C6 | 4 | 8 | 12 |
| Presentación oral | B10 C1 | 0.5 | 12 | 12.5 |
| Obradoiro | B5 B8 C4 | 23 | 23 | 46 |
| Proba de resposta breve | A9 A10 C2 | 1 | 3 | 4 |
| Proba mixta | A1 A2 B3 C5 | 2.5 | 4 | 6.5 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|---------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. Esta sesión completárase con discusións dirixidas. |
| Seminario | Técnica de traballo en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema ou dunha lectura. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos e as conclusións ás que teñen que chegar todos os compoñentes do seminario. |
| Traballos tutelados | Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). |
| Presentación oral | Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado expón traballos. |



| | |
|-------------------------|--|
| Obradoiro | Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas prácticas. |
| Proba de resposta breve | Proba obxectiva dirixida a provocar o recordo dunha aprendizaxe presentada. Preséntase un enunciado en forma de pregunta para responder cunha frase específica, palabra, cifra ou símbolo. |
| Proba mixta | Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---------------------|---|
| Traballos tutelados | Estamos a disposición dos/as estudantes nos nosos despachos nas horas de titoría, como tamén a través do teléfono e o correo electrónico. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|-------------------------|---|---|---------------|
| Sesión maxistral | A4 A5 A6 A10 A11 A15 A21 A22 A23 B1 C7 C8 | (GRUPOS GRANDES con coordinadora): As clases consistirán en leccións teóricas e práctica tanto oral coma escrita. Antes de vir a clase, os/as estudantes terán que ler NOTICIAS ou ver VÍDEOS que colgaremos en Moodle. Unha vez alí, DEBATERÁN sobre estas noticias/vídeos, organizaranse en grupos e ESCRIBIRÁN un ensaio argumentativo derivado do debate. Os devanditos ensaios serán corrixidos pola profesora e devoltos aos seus autores/as ao longo do curso. Completaremos a práctica da gramática, o vocabulario e a escritura académica con algún XOGO. Os/as alumnos/as que fagan unha presentación individual voluntaria terán a posibilidade de recibir unha puntuación EXTRA sobre a nota final (ver observacións). | 0 |
| Obradoiro | B5 B8 C4 | (GRUPOS MEDIANOS E PEQUENOS con lector/a): En parte dos grupos medianos e en todos os talleres, practicaredes as vosas habilidades para falar, escoitar e traballar coa gramática. Prestarase especial atención a cómo realizar un CV e unha entrevistas de traballo. En ocasións, teredes que facer tarefas baseadas en material que estará en MOODLE. Aqueles/as estudantes que amosen unha participación realmente extraordinaria nas aulas serán eximidos/as de realizar a exame audio-oral. | 0 |
| Traballos tutelados | A9 B6 B9 C2 C3 C6 | Teredes que facer dous traballos tutelados: (1) unha carta de motivación (10%) (2) un CV profesional (10%) As pautas necesarias para facer os traballos explicaranse en clase, en Moodle e nas titorías do despacho. | 20 |
| Proba de resposta breve | A9 A10 C2 | Cara ao final do cuadrimestre, faredes un exercicio na clase da coordinadora. O exercicio avaliará a continuidade con que adquiristes os coñecementos teóricos e se sodes capaces de aplicalos á práctica. | 20 |



| | | | |
|-------------------|--------------|---|----|
| Presentación oral | B10 C1 | <p>A presentación consiste en facer un VÍDEO-PROXECTO entre 5 e 10 persoas cuxo contido sexa un ANUNCIO ou PROGRAMA para VENDER un PRODUTO ou MÉTODO. Mentres falan, os/as estudantes teredes prohibido ler de calquera tipo de notas. Teredes que preparar o GUIÓN, gravar o VÍDEO e colgalo; o resto das pautas serán explicadas pola coordinadora.</p> <p>Naturalmente, ínstase o alumnado a que use as titorías ao longo do cuadrimestre para consultar as súas dúbidas sobre este proxecto.</p> | 10 |
| Proba mixta | A1 A2 B3 C5 | <p>As partes do exame organizaranse como segue:</p> <p>-EXAME DE LECTURA con coordinadora (15%): Esta parte consiste nunha proba de comprensión lectora das LECTURAS OBRIGATORIAS LONGAS, que estarán en MOODLE, e que son distintas dos textos breves tratados nos seminarios. As devanditas LECTURAS LONGAS serán explicadas na sesión de grupo grande o penúltimo día de clase.</p> <p>-EXAME DE ESCRITURA con coordinadora (20%): Teredes que escribir un ensaio argumentativo sobre un tema relevante fixado pola profesora que non foi debatido na clase; este ensaio poñerá a proba as vosas habilidades tanto coa gramática e o vocabulario coma coa escritura tipo MLA. Así pois, debe ter: título, introdución (hipó)tesis, corpo e conclusión.</p> <p>-EXAME AUDIO-ORAL con lector/a (15%): Entrevista de traballo (en rexistro formal) seguindo as directrices explicadas e practicadas en clase, como tamén os modelos e consellos publicados en Moodle.</p> | 50 |
| Seminario | A8 A12 B4 B7 | <p>(GRUPOS MEDIANOS con coordinadora): dedicaremos parte destes grupos de exercer a comprensión da lectura de textos curtos que serán colgados en Moodle. Os/as estudantes deben ler estes textos de antelación, e tamén preparar exercicios Moodle, que serán corrixidos na clase e verificados pola profesora ao longo do curso .</p> <p>Os/as alumnos/as que fagan un traballo individual voluntario poderán ter unha puntuación EXTRA sobre a nota global (ver observacións).</p> | 0 |
| Outros | | | |

Observacións avaliación



- Se a coordinadora

consideráalo conveniente, poderá haber temas de auto-estudo. Os documentos para este fin serán facilitados na plataforma virtual.

- Para poder superar a materia, hai que sacar polo menos un 5 (sobre 10) EN

CADA UN dos TRABALLOS TUTELADOS, a PROBA DE RESPOSTA BREVE e os EXAMES e polo menos un 5 (sobre 10) na NOTA FINAL.

- Os traballos deben entregarse en tempo e

forma. Só aceptaranse entregas con atraso única e exclusivamente se hai unha causa debidamente xustificada (p. ex. cun xustificante médico).

- Os traballos que mostren signos de plaxio

serán cualificados cun 0.

- O traballo voluntario

dos/as alumnos/as cualificarase engadindo unha porcentaxe EXTRA sobre a nota final. Podéis

elexir UNHA destas dúas opcións: OU BEN, UNHA PRESENTACIÓN ORAL INDIVIDUAL: farase

en clase da coordinadora nun evento chamado Talent Show--os detalles serán explicados en clase

(+0.5); OU BEN, UN ENSAIO DE INVESTIGACIÓN INDIVIDUAL sobre unha (ou dous) das lecturas do exame (+0.5); o alumnado interesado nesta

tarefa terá que dicir ao comezo do curso; fixarei TRES ENTREVISTAS convosco no meu despacho ao longo do

cuadrimestre para discutir sobre o desenvolvemento do voso traballo. Os ensaios

que non fosen supervisados por min desta forma non serán aceptados. Obviamente, devandita porcentaxe extra engadirase á nota final a condición de que esta sexa igual ou superior a 5.

- En caso de folga de profesores/ás en días de

clase, se fose necesario, os/as docentes dotarán aos/ás estudantes de material

didáctico a través de Moodle. En caso de folga de alumnos/as, os/as docentes

poderían pedir aos/ás estudantes a entrega de exercicios con que substituír o

traballo dese/vos día/s.

- Xa sexa na primeira ou a segunda oportunidade,

os/as estudantes que non vingan ao exame serán cualificados/ás como Non presentados/ás.

- Para a oportunidade de

XULLO, haberá traballos tutelados, proba de resposta breve e probas de exame obrigatorias ao igual que en xuño--o vídeo-proxecto tamén será opcional.

- Se optades pola

oportunidade de xullo e decidides facer o vídeo-proxecto, aínda que é opcional,

debedes saber que tamén ha de ser gravado e en grupo; con todo, esta vez, o

número de integrantes en cada grupo pode ser menor. Para concretar os detalles,

o alumnado terá que contactar obrigatoriamente coa coordinadora (ou ben no

despacho ou ben por e-mail).

-O estudantado ao

que se concedeu a dispénsa académica, segundo especificase na normativa

universitaria, será avaliado en calquera das dúas oportunidades de acordo cos

criterios aplicados na segunda oportunidade.

-Os/as estudantes

que acudan á convocatoria extraordinaria de decembro serán avaliados/as de acordo

cos criterios especificados para a oportunidade de xullo.



| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía básica | <p>BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA Collins COBUILD Advanced Dictionary of English. Collins ELT, 2012. Collins COBUILD Students? Dictionary plus Grammar (Book & CD). Collins ELT, 2005. Cunningham, Gillie, Jan Bell, and Theresa Clementson. Face2face Advanced. Student?s Book and DVD Rom. Cambridge University Press, 2013. Downes, Colm. Cambridge English for Job Hunting. Cambridge University Press, 2008. Hewings, Martin. Advanced Grammar in Use: a Self-study Reference and Practice Book for Advanced Learners of English; with Answers and CD-ROM. Cambridge University Press, 2013. ---. Cambridge Grammar for CAE and Proficiency with Answers and Audio CDs. Cambridge University Press, 2009. Hopkins, Diana, and Pauline Cullens. Cambridge Grammar for IELTS with Answers: a Self-study Grammar Reference and Practice. Cambridge University Press, 2007. OED. Oxford English Dictionary. Oxford University Press, 2017, www.oed.com. Accessed 1 July 2016. The Purdue OWL Family of Sites. The Writing Lab and OWL at Purdue and Purdue University, 2008, owl.english.purdue.edu/owl. Accessed 1 July 2016. Swan, Michael. Practical English Usage. Oxford University Press, 1996. Vince, Michael. Advanced Language Practice: English Grammar and Vocabulary. Macmillan, 2009.</p> |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*) A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías